



Folla de sala / Galego

ARTE GALEGA: DEBUXO e GRAVADO

24

25

26

27

Nesta sala podemos contemplar unha selección de obras de Manuel Bujados, artista que gozou dun gran prestixio a ambos os lados do Atlántico. Foi pintor, retratista e sobre todo debuxante e ilustrador. Destacou como unha figura esencial da estampa modernista española e foi colaborador das máis prestixiosas revistas como *La Esfera*, *Blanco y Negro* e *Nuevo Mundo*, entre outras.

A colección de obras de Manuel Bujados, que posúe o Museo Provincial de Lugo, ingresa no ano 1966 procedente dunha doazón de Antonio Fernández López, un dos principais mecenas desta institución, e son un total de 30 obras entre esbozos, debuxos e pinturas de técnica mixta.

Ademais, na sala pódense ver un debuxo a lapis, de Maruja Mallo, entregado á Deputación Provincial de Lugo en compensación da súa bolsa; outro de Antonio Fernández, pintor que posúe unha sala monográfica neste museo, e dous retratos de Mariano Tito Vázquez.

Ademais, exíbense acuarelas de Arturo Souto e varias obras de artistas pertencentes á Vangarda galega como ceras e tintas de Laxeiro e varias xilografías de Luís Seoane, realizadas en 1975, pertencentes á carpeta de gravados de *Insectario*.

Como pezas estrela desta sala aparecen tres cartéis realizados por Camilo Díaz Valiño, Manuel Bujados e Suárez Couto, feitos por encarga da Deputación Provincial de Lugo para a Exposición Iberoamericana celebrada en Sevilla no ano 1929, ideada, entre outras cousas, para fomentar o turismo de España e mellorar as relacións cos países americanos.



Hoja de sala / Castellano

ARTE GALLEGO: DIBUJO y GRABADO

24

25

26

27

En esta sala podemos contemplar una selección de obras de Manuel Bujados, artista que gozó de un gran prestigio a ambos lados del Atlántico. Fue pintor, retratista y sobre todo dibujante e ilustrador. Destacó como una figura esencial de la estampa modernista española y fue colaborador de las más prestigiosas revistas como: *La Esfera*, *Blanco y Negro* y *Nuevo Mundo*, entre otras.

La colección de obras de Manuel Bujados, que posee el Museo Provincial de Lugo, ingresa en el año 1966 procedente de una donación de Antonio Fernández López, uno de los principales mecenas de esta institución, y son un total de 30 obras entre esbozos, dibujos y pinturas de técnica mixta.

Además, en la sala se pueden ver: un dibujo a lápiz de Maruja Mallo, entregado a la Diputación Provincial de Lugo en compensación de su beca; otro de Antonio Fernández, pintor que posee una sala monográfica en este museo, y dos retratos de Mariano Tito Vázquez.

Además, se exhiben acuarelas de Arturo Souto y varias obras de artistas pertenecientes a la Vanguardia gallega como ceras y tintas de Laxeiro y varias xilografías de Luis Seoane, realizadas en 1975, pertenecientes a la carpeta de grabados de *Insectario*.

Como piezas estrella de esta sala, aparecen tres carteles realizados por Camilo Díaz Valiño, Manuel Bujados y Suárez Couto, hechos por encargo de la Diputación Provincial de Lugo para la Exposición Iberoamericana celebrada en Sevilla en el año 1929, ideada, entre otras cosas, para fomentar el turismo de España y mejorar las relaciones con los países americanos.